

**SOMOS VOZ
SOMOS FORZA,
XUNTAS CONSTRUIMOS**

Feminismo

Unidade

Tolerancia

igualdade

Respecto

Solidaridade

ACTIVIDADES


PARA

BACHARELATO

8 DE MARZO

DO 2015

8 DE MARZO 2015
DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES



ACTIVIDADES PARA BACHARELATO

"O TREN DA LIBERDADE"

Materiais:

Ordenador, proxector, folios, cartolinas de cores e bolígrafos.

Obxectivos:

Desenvolver a capacidade creativa a partir dunha idea dada.

Argumentar razoadamente a liberdade e o dereito das persoas a decidir.

Tomar conciencia da existencia de ideas machistas aínda presentes no século XXI e da importancia de combatelas.


Comparar dous textos legais sobre o mesmo tema elaborados en momentos históricos e culturais diferentes.

Metodoloxía.

O profesorado realizará unha introdución sobre a importancia da mobilización das mulleres españolas e o apoio recibido por outras mulleres de países europeos para a paralización da contrarreforma da lei do aborto.

Para iso verase o seguinte vídeo: <http://vimeo.com/99974636> e utilizaremos o cadro comparativo coas principais diferenzas entre a lei de 2010 e o Anteproxecto do ministro Gallardón, facendo ao alumnado as seguintes preguntas para que busquen en internet:

- Ata que semana de xestación permite a lexislación vixente abortar libremente?
- Cando saíu en prensa a proposta de modificación da actual lei?
- Que respostas recibiu da cidadanía dita proposta?



EPÍGRAFE: Lei 2/2010 do 3 de marzo, sobre saúde sexual e reprodutiva e sobre a interrupción voluntaria do embarazo	EPÍGRAFE: Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e os dereitos da muller embarazada.
Garante os seguintes dereitos: - O dereito a unha sexualidade en liberdade, consciente, segura, pracenteira e saudable. - O dereito a unha maternidade libremente decidida. - A garantía de non discriminación e da responsabilidade pública para establecer os recursos necesarios a fin de garantir a saúde sexual e reprodutiva.	Non recoñecía o dereito da muller a decidir interromper o seu embarazo.
Unha muller podía abortar libremente nas 14 primeiras semanas de xestación, sen máis requisitos que a súa solicitude e transcorrendo, polo menos, 3 días dende que recibise un sobre con información sobre dereitos e axudas públicas á maternidade.	Contemplaba unicamente a posibilidade de abortar: - Cando exista un grave perigo para a vida ou a saúde psíquica ou física: a) se o grave perigo para a saúde psíquica da muller ten a súa orixe nunha anomalía incompatible coa vida -dentro das 22 primeiras semanas-; b) se as anomalías incompatibles coa vida do feto non se detectasen ou existise risco vital para a muller que non fose posible evitar mediante un parto inducido -despois das 22 semanas-. - En caso de violación, previa denuncia e no prazo de 12 semanas.
REQUISITOS PARA ABORTAR: - Que se practique nun centro sanitario público ou privado acreditado. - Consentimento expreso e por escrito da muller ou da súa/seu representante legal. No caso das mulleres de 16 e 17 anos, ese consentimento tamén corresponde á muller. De ser o caso, a rapaza poderá alegar ante a médica ou o médico que informar ao seu/súa representante legal provocaría un conflito familiar grave, ameazas, coaccións ou violencia.	OBSTÁCULOS A UN ABORTO LEGAL, SEGURO E DE CALIDADE: - A esixencia de obter dous ditames médicos de dous centros diferentes que certifiquen os riscos para a saúde ou a vida da nai ou do feto. - A esixencia de consentimento parental para as mulleres adolescentes de 16 a 18 anos. - No caso de violación, esixencia de denuncia previa e no prazo de 12 semanas, con impacto especialmente preocupante para as mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular. - Barreiras no acceso á información. - Período de espera de 7 días en lugar dos 3 actuais.

Despois de ver o fantástico vídeo do “Tren da Liberdade”, o profesorado dividirá a clase en pequenos grupos e distribuirá as seguintes cuestións ou ítems para que cada grupo reflexione algún deles e se expoñan logo as conclusións ao resto da clase:

- Que idade teñen a maioría das mulleres que aparecen no vídeo? As mulleres asturianas que tomaron a iniciativa poderían ser da idade das vosas avoas?
- O tren da liberdade tivo eco na prensa internacional en: Amsterdam, Londres, Escocia, Edimburgo,... En que medios de comunicación apareceu?
- As mulleres non hai tantos anos tiñan que ir abortar a Londres. Se ían 3 avións á semana poderías facer un cálculo do custe que lles supuña individualmente e da cantidade de mulleres españolas que acudían a clínicas abortivas inglesas nun ano?
- Importancia de que as fillas e fillos sexan desexados e da non tutela do Estado sobre nós.
- Por que falan de regreso á Idade Media?
- No vídeo fálase da lei de 1985, situación que moitas mulleres tiveron que pelexar e agora saen á rúa novamente polas súas fillas e as súas netas.

Reflexiona sobre as seguintes expresións que aparecen no vídeo:

- “Non se garante o traballo, a sanidade nin a educación para os que somos”
- “Só se consegue man de obra barata”
- “Mulleres unidas xamais serán vencidas”
- “O aborto é un dereito e non pode ser un delito”.

Por último, en gran-grupo comentarase o novo Anteproxecto da Lei da Corresponsabilidade Parental e elaborárase unha canción, vídeo, slogan,..... tomando como base os que aparecen no vídeo visto ou outras ideas que xurdan para que logo se poidan enviar a asociacións de mulleres que están loitando para que ese Anteproxecto non saia adiante.

